

CONCELLO DE MONTERREI
(Quintal)
REGISTRO XERAL
Data: 20 XAN. 2016
ENTRADA 95 SAÍDA

Dende Veciños de Monterrei e para a súa información, comunicarlle que en relación a obra realizada polo concello de Monterrei, na rúa de A Fonte en Sandín, para a recollida de augas de choiva, facerlle notar o malestar dos veciños polas posibles molestias que se xeraran o ser enganchado o sumidoiro directamente o desaugadoiro de augas fecais.

Tras ver a zoa e indicarnos os veciños onde está outro sumidoiro de augas pluviais, non é normal, que por non canalizar as augas menos de trinta metros, se someta, as xentes que por alí viven ou pasan, as mencionadas molestias, e moito máis cando fai menos de tres meses que dita rúa foi "REASFALTADA", sendo necesario naquel momento a instalación de 9 o 10 tubos para facer ben o traballo.

Indicarlle que uns metros antes de dito sumidoiro xa hai instalado outro nas mesmas condicións que este e que está continuamente emanando olores, onde notábase co cal cando chegan os meses de calor ten que ser bastante irrespirable.

Así mesmo nesa zoa vive un veciño con unha particular situación médica, non sendo a obra a realizar, a lo menos, favorable para a súa situación.

Por todo o anterior solicitamos que se realice a recollida das augas pluviais e se canalice esa recollida o sumidoiro correspondente para evitar molestias a ningún veciño.

Monterrei a 18 de xaneiro de 2016

